

Á SÁ DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO

DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

D. XULIO LÓPEZ VALCÁRCEL, Procurador dos tribunais, en nome e representación do **Sindicato das Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza (en adiante STEG)**, conforme acredito mediante escritura de poder notarial para preitos que xunto e cuxa devolución, unha vez testemuñada, intereso perante a Sá comparezo e

DIGO:

Que por medio do presente documento formulo **ESCRITO DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PARA A PROTECCIÓN DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS** baseado na veracidade dos seguintes

FEITOS:

Primeiro- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria comezou unha campaña de reparto duns documentos nos centros de ensino non universitario, aos que denomina *enquisas*, que pretende trasladar ás nais e pais de nenas e nenos escolarizados no sistema de ensino non universitario de Galicia, público e concertado, para que contesten unhas preguntas que –segundo teñen anunciado en roldas de prensa- determinarán a modificación de normas legais que regulan o modo de impartir as aulas;

Segundo- En relación con esta actividade, durante o día 11 de xuño de 2009 os directores dos centros de ensino non universitario de Galicia recibiron o seguinte correo electrónico, asinado pola “*Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*”:

“ De: Mensaxe da Consellería [mailto:nonresponder@edu.xunta.es]

Enviado: xoves, 11 de xuño de 2009 13:33

Para: .xunta.es

Asunto: URXENTE:Instruccións sobre a participación na enquisa de utilización das linguas

Estimado/a Director/a,

Achégolle o modelo de xustificante de recibo en relación coa enquisa ás familias sobre a utilización das linguas no ensino non universitario de Galicia.

*Aproveito para lembrarlle que a Dirección do centro é a responsable do normal desenvolvemento do proceso de realización da consulta e en **consecuencia deberá prohibir todas as accións ou actos, tanto a favor como en contra do mesmo, mantendo informada en todo momento á Inspección Educativa.***

Consellería de Educación e Ordenación Univeristaria.

Estimado/a Director/a,

Le adjunto el modelo de justificante de recibo en relación a la consulta a las familias sobre la utilización de las lenguas en la enseñanza no universitaria de Galicia.

*Aprovecho para recordarle que la Dirección del centro es la responsable del normal desarrollo del proceso de realización de la consulta y en consecuencia **deberá prohibir todas las acciones o actos, tanto a favor como en contra del mismo, manteniendo informada en todo momento a la Inspección Educativa.***

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Se certificó que el correo entrante no contiene virus.

Comprobada por AVG - www.avg.es

Versión: 8.5.339 / Base de datos de virus: 270.12.59/2165 - Fecha de la versión: 06/10/09 18:30:00".

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA COA DEMANDA:

- 1.- Escritura de Poder xeral para preitos
- 2.- Certificación do acordo adoptado polo secretariado nacional do STEG para a interposición do presente recurso.
- 3.- Copia do correo electrónico de 11 de xuño de 2009

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro-. Dereitos fundamentais vulnerados.

A aplicación da instrución remitida polo correo electrónico aos/as directores/as dos centros de ensino non universitario de Galicia, vulnera os seguintes dereitos fundamentais, cuxa tutela se pretende deste órgano xurisdiccional:

a) dereito á liberdade de expresión e información;

b) dereito á liberdade de reunión;

c) dereito á liberdade de asociación;

d) dereito á liberdade sindical;

Na forma e polas razóns que de seguido se explican, atendendo aos criterios que determina o art. 115.2. da Lei 29/1998, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, que sinala que neste escrito se expresarán "*con precisión e claridade o dereito ou dereitos cuxa tutela se pretende e, de xeito, conciso, os argumentos substanciais que dean fundamento ao recursd*".

Segundo-. Da vulneración do dereito fundamental á liberdade de expresión e información.

O art. 20 da Constitución Española (CE) reconece estes dereitos ao dicir que

"1. Recoñécense e protexen os dereitos:

a) A expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución. (..)

d) A comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión. (..)

2. O exercicio destes dereitos non pode restrinxirse mediante ningún tipo de censura previa".

A Instrución remitida por correo electrónico aos directores sinala que "*Aproveito para lembrarlle que a Dirección do centro é a responsable do normal desenvolvemento do proceso de realización da consulta e en consecuencia **deberá prohibir todas as***

accións ou actos, tanto a favor como en contra do mesmo, mantendo informada en todo momento á Inspección Educativa."

A. Sobre a vulneración do dereito á liberdade de expresión.

O texto ordena ao/á director/a que prohiba calquera acción ou acto, tanto a favor coma en contra do proceso da entrega e devolución dos documentos, é dicir, impide que ninguén, nin persoal docente, nin resto de persoal do centro, nin alumnado, nin nais e pais, nin asociacións cuxo obxecto social sexa o desenvolvemento de actividades formativas no contorno do ensino non universitario ou agrupe lexitimamente intereses relacionados coa comunidade educativa, teñan calquera oportunidade de emitir unha opinión ou transmitir información acerca do proceso de consulta en si, nin do significado da súa participación, nin da formación acerca da toma de decisións que se propón nos documentos que se han de encher. Preténdese con esta actitude condenar ao ostracismo e ao empobrecemento intelectual e moral á parte da sociedade que ten que tomar decisións derivadas da proposta feita pola Consellaría. Teñamos en conta como premisa que o TC (SSTC 6/1981, 30/1982 e 77/1982, entre as máis temperás) ten subliñado como este dereito significa unha "*protección do eido da liberdade individual fronte calquera inxerencia dos poderes públicos*" que non estea apoiada na Lei -o que non é o caso- e incluso fronte a esta cando intente fixar outros límites que non sexan os previstos na propia CE (sobre o que volveremos logo). Semella claro que a Consellaría neste caso está actuando como limitadora da liberdade de expresión das persoas e colectivos que se desenvolven no eido do ensino, algo intolerable dende o punto de vista constitucional, cuxo tribunal ten tamén declarado que "*esta protección abrangue non só a mera expresión do pensamento senón tamén a súa difusión*" (STC 30/1982), que deixa de existir cando no contorno dos centros "*prohíbese calquera acción ou acto tanto a favor como en contra*" do proceso iniciado pola Consellaría, incumprindo así o seu "*deber de abstención do exercicio dun dereito de liberdade fronte ao poder*" (STC 77/1982).

Este feito é especialmente grave se temos en conta que:

1. A Consellaría anunciou publicamente que a elaboración de certas normas xurídicas de aplicación no eido do ensino van depender dos resultados deste proceso, co que se lle está negando á comunidade educativa en xeral e ás nais e pais e

rapaces e rapazas en particular que podan formar unha opinión libre para participar dun proceso que vai acabar influíndo no modo de recibir a ensinanza non universitaria, o que, como veremos afecta tamén ao dereito fundamental á educación, e que ademais vulnera flagrantemente o dereito de participación de persoas con intereses lexítimos nun procedemento administrativo (art. 78.2. da Lei 20/1992, RXA-PAC) cando se lles impide que o fagan con liberdade, é dicir, formándose previamente sobre as distintas opcións a adoptar para responder aos documentos que se lles trasladan.

2. Existen agrupacións de persoas –algunhas con personalidade xurídica propia, como asociacións, e outras sen ela, pero con capacidade de abondo para os fins que lles son propios, como as ANPAS- cuxa misión específica é abordar os temas que afectan ao ensino non universitario e realizar actividades para a formación da comunidade educativa en xeral e ás nais e pais e rapaces e rapazas en singular. A aplicación dunha disposición deste tipo deixaríaaas sen posibilidade de intervir no debate público e en consecuencia negaríalles o seu propio sentido;

3. É un feito notorio que existe arestora en Galicia un debate social arredor da lingua no ensino non universitario e a pretensión da Consellería de que os diferentes actores sociais relacionados co ensino non podan emitir a súa opinión para que a comunidade educativa en xeral e ás nais e pais e rapaces e rapazas podan decidir a súa posición con criterios de liberdade, e unicamente o fagan guiados pola Administración pública dificilmente se cohonesta cos principios que rexen un Estado democrático coma o noso.

Polo demais non entendemos que poda existir título legal a favor dos directores que os habilite para cercenar deste xeito os dereitos das persoas vinculadas ao ensino, pois se trataría dunha limitación inxustificada e desproporcionada. Se se observa a disposición a causa da prohibición é "*o normal desenvolvemento do proceso*" e para esa finalidade o medio é "*prohibir todas as accións ou actos tanto a favor coma en contra*" (do proceso). Existe unha falta de idoneidade de medio a fin, inconstitucionalmente ilexítima, pois xa non é que non garde proporción, é que non garda relación.

i. Que exista unha charla nun centro informando sobre este proceso non impide o normal desenvolvemento deste, nin que se produza un reparto de información. É dicir, **a realización de actividades de información e a transmisión de opinións non nega o normal desenvolvemento do proceso, o**

que non fai senón transmitir a falsa sensación de que as actividades informativas que se podan levar a cabo van supoñer desordes ou anormalidades, o que dende o punto de vista da lóxica democrática é intolerable, que dende un poder público se pretenda suxerir que do exercicio dun dereito constitucional consistente en informar á comunidade educativa en xeral e ás nais e pais e rapaces e rapazas en particular se podan derivar consecuencias negativas para un proceso coma o que está en marcha. E se isto sucedese, non hai colisión de dereitos fundamentais, porque fronte ao de información non se está contrapoiñendo ningún outro dereito fundamental, polo que un hipotético fracaso do procedemento posto en marcha pola consellaría nunca podería ser motivo para tentar acalar ás persoas que pretenden informar para que quen teñan que decidir no procedemento da Consellaría o fagan tendo en conta todas as opcións posibles, o que constitúe presuposto dunha decisión libre, valor superior do noso Ordenamento Xurídico.

ii. Outra orientación tendenciosa e intolerable na instrución constitúea a mención a que os actos ou accións que a comunidade educativa en xeral e ás nais e pais e rapaces e rapazas en particular vaian ser “a *favor ou en contra*”, negando a posibilidade de que haxa actividades que non sexan nin unha cousa nin a outra, senón simplemente unha **actividade de información, presuposto da sociedade libre** na que estamos. Pretende con isto a Consellaría que non haxa máis opinións sobre o asunto que a que eles transmiten, limitando así de xeito esencial o pluralismo social e político, de novo valores superiores do noso Ordenamento.

Entre as funcións que atribúe o RD Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, di o art. 27 que “**É competencia do director:**

a) Representar oficialmente á Administración educativa no centro, sen prexuízo das atribucións das demais autoridades educativas.

b) Representa-lo centro.

c) Dirixir e coordinar tódalas actividades do centro, cara á consecución do proxecto educativo e de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias do consello escolar e do claustro.

i) Cumprir e facer cumprir-las leis e demais disposicións vixentes.

l) Exerce-la xefatura de todo o persoal adscrito ó centro.

m) Favorece-la convivencia do centro e impoñe-las correccións que corresponda, de acordo coa normativa vixente, co Regulamento de réxime interior e cos criterios establecidos polo consello escolar.

*n) **Garanti-lo dereito de reunión de mestres, alumnos, pais de alumnos e persoal de administración e de servizos**, de acordo co disposto na lexislación vixente.*

*o) Xestiona-los medios humanos e materiais do centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa, especialmente os restantes membros do equipo directivo e coordinadores de ciclo e normalización lingüística, canalizando **aportacións e intereses e buscando canles de comunicación e colaboración.***

*p) Promover e impulsa-los **relacións do centro coas institucións** do seu contorno.”*

Da escolma de funcións directivas pódese ver en primeiro lugar (en negra) unha clara contradición do espírito e a letra das funcións dos/as directores/as de centros de ensino non universitario co contido material da norma impugnada. Aínda que efectivamente ten que facer cumprir a lei vixente, resulta que a instrución caso de considerarse tal, contradí abertamente outras reguladas especificamente neste artigo, que obrigan, dentro da filosofía educativa a buscar a formación de opinión, a convivencia no centro, a suma de pareceres, en definitiva e por iso o contido material regulado contradí expresamente as outras funcións directivas, co que se violenta a súa función, debendo prevalecer sempre, en caso de dúbida, os superiores dereitos á liberdade de expresión, información asociación, reunión e sindicación que se vulneran coa instrución. En semellante sentido se expresan –e polo tanto a instrución vulnera o seu contido- as seguintes normas, que regulan tanto o papel dos/as directores/as como a participación das ANPAS: Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, 324/1996, de 26 de xullo (DOG de 9 de agosto), e o artigo 11 do Regulamento orgánico dos centros públicos integrados de ensinanza non universitarias, aprobado por o Decreto 7/1999, de 7 de xaneiro.

B. Sobre a vulneración do dereito de transmitir e recibir información veraz.

Como se sabe, a doutrina do TC distingue entre o dereito á liberdade de expresión e o de **información** (SSTC 107/1988 e 6/1988), por iso aquí tamén queremos facer unha mención separada, porque a titularidade deste dereito non se restrinxe aos profesionais da información, senón que é consubstancial "*á colectividade e a cada un dos seus membros*" (SSTC 168/1986 e 6/1981). Por esta razón, cando se prohiben os actos ou accións relativos a unha iniciativa pública relacionada co ensino no contorno do espazo natural de formación de opinión e transmisión de información por parte da comunidade educativa no seu conxunto non só se vulnera o dereito individual a expresarse de cada un dos seus membros, senón o de comunicar e recibir información, polo que se vulnera non só o dereito de quen quixera emitir a mensaxe, senón o de quen estaba destinado a recibilo (así a devandita STC 6/1981). Esta mesma resolución xa sostivo que é fundamental o respecto a este dereito para "*o mantemento dunha comunicación pública libre, sen a cal quedarían vaciados de contido real outros dereitos que a CE consagra, reducidas a formas hueras as institucións representativas e absolutamente falseado o principio de lexitimidade democrática*", posición reiterada entre outras nas SSTC 12/1982, 104/1986, 159/1986, onde o noso Alto Tribunal considera a liberdade de información como un dos piares dunha sociedade libre e democrática.

En canto ao obxecto da información cuxa transmisión se prohibe é daquelas das que teñen relevancia constitucional clara, pois esta constitúena "*o conxunto de feitos que podan considerarse noticiais ou noticiosos, entendendo por tales aqueles que podan encerrar transcendencia pública e que sexan necesarios para que a participación dos cidadáns na vida colectiva sexa real*" (así o proclamou a STC 105/1983). Debería quedar excluído de dúbida que a transmisión de información acerca dunha consulta que vai determinar –segundo o propio conselleiro– o sentido da elaboración dunha norma de alcanzo xeral ten este carácter, sobre todo porque se tratará dunha norma que afecta transversalmente varios sectores profesionais (pedagóxicos, sociolóxicos, sociolingüísticos, educativos, e laborais) polo que o interese público na formación de opinión sobre o sentido da enquisa e o significado do modo de cumprimentala é fundamental para que se dea o proceso en condicións de liberdade.

C. Titulares dos dereitos fundamentais que se vén afectados.

O STEG vese directamente afectado pola actuación administrativa toda vez que se lle está a negar a posibilidade de formar, informar e transmitir a opinión do sindicato sobre este procedemento, o que forma parte da actividade sindical natural [arts. 2.1. d) que recoñece o dereito á actividade sindical; 2.2.a) dereito dos sindicatos a programar as súas propias actividades e o seu programa de acción, que non poden ser suspendidas nin disoltas senón mediante resolución firme da Autoridade xudicial; celebración de reunións dos seus asociados no eido da empresa en que traballan art. 8.1.b e c todas elas da LO 11/985, de liberdade sindical];

Indirectamente o STEG vense afectado ao estalo as directoras e directores dos centros de ensino que non poden emitir o seu parecer sobre o particular nin transmitir información sobre aspectos que aínda sendo veraces podan ser interpretados pola inspección educativa como actos a favor ou en contra do proceso en marcha e se violento o exercicio das súas funcións directivas. Tamén o resto do profesorado e mesmo o alumnado ven cercenado o seu dereito constitucional ao prohibírselles calquera manifestación pública de opinión ou actuación de información ou formación en relación á toma de postura neste asunto.

•

D. Inexistencia de limitación constitucional lexítima para estes dereitos.

A CE establece determinados límites a estes dereitos, pero como veremos non concorren neste caso, polo que a prohibición que pretende a Consellaría devén constitucionalmente ilexítima.

Para comezar o art. 20.2. CE prohibe calquera tipo de censura previa, acto que constitúe "*calquera medidas limitativas da elaboración ou difusión dunha obra do espírito, especialmente ao facelas depender do previo exame oficial do seu contido*" (así a STC 52/1983). Así cando na instrución se prohibe calquera "*acto ou acción*" estase *a priori* impedindo o exercicio dos dereitos sinalados, e cando se engade "*tanto a favor como en contra*" estase avaliando o seu contido por parte dun órgano da administración non atribuído legalmente para isto, censura que se amplía ao dárselle traslado á inspección educativa.

En segundo lugar o art. 20.4. CE prevé como límites ao exercicio destes dereitos o *honor, a intimidade, a propia imaxe a protección da xuventude e a infancia*. Semella obvio que ningún deles concorre, pois aínda que o ensino ten como cerne a formación educativa da educación e da infancia é precisamente esa a causa da intervención da comunidade educativa, que son os encargados desta tarefa no seu conxunto, profesorado, nais e pais e os propios interesados, polo que resulta especialmente paradoxal que a todos eles se lles negue a posibilidade de expresarse e transmitir e recibir libremente información veraz no seu contorno natural que son os centros de estudo.

Terceiro-. Da vulneración do dereito fundamental á liberdade de reunión.

Di o art. 22 CE que "1. *Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito non necesitará autorización previa.*".

A. Definición das condutas prohibidas pola instrución da consellaría.

A instrución da consellaría, cando fala e matiza a prohibición de "*accións ou actos*" está despregando a mutilación de actividades e dereitos a todo tipo de actuación que poda supoñer un acto de comunicación, quer mediante accións, quer mediante actos.

Por **acción**, en definición da RAG entendemos "1. O que alguén fai. *Unha boa acción. SIN. acto, feito, obra.* 2. Exercicio da facultade de actuar. *Deixémonos de palabras, pasemos á acción.* 3. Feito de actuar, de producir [algo] un determinado efecto sobre [unha cousa]. *O muiño funciona pola acción da auga. A acción repetida do mar vai erosionando os acantilados*". Implicaría así a realización de actividades cun compoñente máis dinámico, fronte ao **acto**, que definido como "1. Acción realizada polo home, considerada, sobre todo, no seu aspecto obxectivo. *Un acto de violencia. Polos actos coñecemos-las persoas.* CF. *feito.* 2. Feito ou acontecemento público ou solemne." sería máis asimilable a reunións ou actividades estáticas.

B. Modo de se vulnerar o dereito de reunión e a súa relación con outros dereitos fundamentais.

Coa formulación da Instrución preténdese aplacar **toda actividade pública de opinión ou de información dirixida á comunidade educativa** en xeral e ás nais e pais e rapaces e rapazas en particular, para evitar que mediante o intercambio de información, opinións, e datos se cheguen a **formar unha opinión libre**. É especialmente grave a formulación da instrución se temos en conta que o modo habitual de interactuar os axentes sociais que compoñen a comunidade educativa é precisamente por medio de **xuntanzas**, que obxectivizan e exteriorizan este dereito individual e exercicio colectivo que constitúe a reunión: así as asembleas de estudantes, os claustros de profesores, as reunións de nais e pais (ANPAS), os sindicatos profesionais do ensino. A vulneración conxunta destes dereitos non é casual, pois como ten sinalado a doutrina do TC o dereito de reunión adoita ser un instrumento dos dereitos de asociación e de expresión, en palabras do noso Alto Tribunal *"o dereito de reunión é unha manifestación colectiva de liberdade de expresión exercitada a través dunha asociación transitoria, concibíndose como un dereito individual en canto aos seus titulares e colectivo no seu exercicio, que opera a modo de técnica instrumental posta ao servizo do intercambio ou exposición de ideas, a defensa de intereses ou a publicidade de problemas ou reivindicacións, constituíndo, polo tanto, un cauce do principio democrático participativo"* (STC 85/1988).

En canto aos elementos configuradores deste dereito, aínda que se impón o deber de informar previamente cando este vaia suceder en lugares de tránsito público, tal cousa non sucede nos centros educativos, e aínda que se entendese asimilada tal situación no centro ten declarado o TC que o feito de que haxa que informar *"non é consubstancial ao dereito"* (STC 115/1987). Polo demais, é certo que o/a director/a do centro ten potestades sobre a organización e funcionamento das actividades do centro e neste sentido pode regular as que alí e desenvolvan, pero téñase en conta que **se está impoñendo unha limitación por razón do que é obxecto da reunión**, o que fai especialmente desprezable a conduta esixida pola Consellaría, pois está en **clara relación coa vulneración dos dereitos á liberdade de expresión e de información**. É dicir, se o obxecto da xuntanza é falar da festa de fin de curso non haberá problemas, pero se se inclúe como punto da xuntanza tratar o tema da enquisa, daquela estará prohibida e ademais se dará conta á inspección educativa.

Imaxinemos que calquera destes colectivos se quixese reunir, como fan con normalidade o resto do ano, durante esta quincena e tivesen como punto na orde do día ou punto único tratar o tema deste procedemento iniciado pola Consellaría, para

valoralo, avalialo ou informar del: **a instrución capacita ao/á director/a do centro para prohibir as reunións durante esta quincena**, algo que está totalmente vedado pola Carta Magna: véxase se non o contido literal: "*que a Dirección do centro é a responsable do normal desenvolvemento do proceso de realización da consulta e en consecuencia deberá prohibir todas as accións ou actos, tanto a favor como en contra do mesmo*" engadindo un elemento represivo a maiores, para completar o seu poder coactivo, como é o de manter "*informada en todo momento á Inspección Educativa.*". Aquí insinúase que este órgano pode ter algún poder para garantir a represión do dereito de reunión, pois doutro xeito non tería sentido que se lle dese conta da prohibición ou das accións ou actos previstos. **A mera insinuación de que a Inspección sancionaría ou actuaría contra quen vulnerasen a prohibición constitúe unha coacción** ao exercicio do dereito, intolerable nun Estado democrático coma no que vivimos. Lembremos por certo que o noso Alto Tribunal recoñece que se ben o dereito de reunión se ten fronte aos poderes públicos, na medida en que xuntanzas de carácter sectorial, como é o caso da comunidade educativa, *poden requirir a colaboración da Administración para facelo efectivo, esta será tamén destinataria e polo tanto suxeito ao que requirir o comportamento constitucionalmente lexítimo de non obstaculizar o exercicio deste dereito* (así a STC 18/1981).

O lexislador promulgou a LO 9/1983, reguladora do dereito de reunión, onde se di que "*1. 1. O Dereito de Reunión pacífica e sen armas, recoñecido no artigo 21 da Constitución, exercerase conforme ao disposto na presente lei Orgánica. 2. Para os efectos da presente Lei, enténdese por reunión a concorrencia concertada e temporal de máis de 20 persoas, con finalidade determinada. 3. Son reunións ilícitas as así tipificadas polas Leis Penais.*", para logo engadir, en relación ao modo de exercicio, no art. 2 que "*Poderase exercer o dereito de reunión sen suxeición ás prescricións da presente lei Orgánica, cando se trate das reunións seguintes (..)*

b) As que celebren as persoas físicas en locais públicos ou privados por razóns familiares ou de amizade.

c) As que celebren os Partidos Políticos, Sindicatos, Organizacións Empresariais, Sociedades Cívís e Mercantís, Asociacións, Corporacións, Fundacións, Cooperativas, Comunidades de Propietarios e demais Entidades legalmente constituídas en lugares

pechados, para os seus propios fins e mediante convocatoria que acade exclusivamente aos seus membros, ou a outras persoas nominalmente convidadas”.

É claro que a regulación orgánica do dereito de reunión concede unha liberdade amplísima aos “*actos ou accións*” que no contorno dos centros de ensino se podan desenvolver relacionadas ao procedemento aberto pola Consellaría. E isto porque como se pode ver, a consulta da Consellaría afecta ás familias, aos pais e nais en relación cos seus fillos, pois determinará o seu modo de ensino, e afecta tamén ás ANPAS, que teñen interese lexítimo polo seu obxecto social, e aos sindicatos do ensino, pois o centro educativo constitúe o seu propio lugar de traballo, o que implica que a instrución vulnera flagrantemente a configuración orgánica deste dereito, e os/as directores/as non están de ningún modo lexitimados para prohibilas.

C. persoas afectadas pola vulneración deste dereito.

O STEG vese directamente afectado en canto os sindicatos teñen expresamente recoñecido este dereito na LO 7/1983, art. 2.c, sen suxeición nin restricións de comunicación previa e como manifestación da súa actividade sindical [arts. 2.1. d) que recoñece o dereito á actividade sindical; 2.2.a) dereito dos sindicatos a programar as súas propias actividades e o seu programa de acción, que non poden ser suspendidas nin disoltas senón mediante resolución firme da Autoridade xudicial; celebración de reunións dos seus asociados no eido da empresa en que traballan art. 8.1.b e c todas elas da LO 11/985, de liberdade sindical];

- Os directores dos centros de ensino e o resto do profesorado, aos que se lles limita o dereito de reunión por razón de obxecto da mesma (péñese que se está por exemplo impedindo a reunión do Claustro de profesores se pretendesen falar deste tema);
- As nais e pais do estudantado e os propios rapaces e rapazas, aos que se lles impide no eido do centro tratar un tema que lles afecta familiar e socialmente (art. 2.a LO 7/1983);

Cuarto-. Vulneración do dereito fundamental de asociación.

Sinala o art. 22.1 CE que se “*recoñece o dereito de asociación*”.

1. Configuración legal do dereito fundamental e a súa vulneración pola Consellaría.

No contorno educativo existen asociacións cuxo obxecto social específico está ligado ao fomento do coñecemento, ao progreso social é a realización de actividades, todo isto no contorno do ensino non universitario, e con estas características están recoñecidas pola LO 1/2002, reguladora do dereito de reunión, nos seus arts. 1.1. e 2, 2.1., 7 e moi especialmente no art. 5, que coa rúbrica de "*Relacións coa Administración.*" sinala que "*1. Os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a constitución e o desenvolvemento das asociacións que realicen actividades de interese xeral. 2. A Administración **non poderá adoptar medidas preventivas ou suspensivas que interfiran na vida interna das asociacións***".

Ao prohibir a Consellaría calquera "*acto ou acción*" no contorno do centro a Administración adopta unha medida suspensiva que afecta de xeito esencial o sentido da existencia de calquera asociación nacida para promover actividades ou coñecemento relacionados co ensino. Deámonos conta que isto, como se demostrou nos apartados anteriores, limita os dereitos de expresión, información e reunión, limitando así arbitrariamente a xestión do seu interese común constitucionalmente lícito (STC 244/1991) . As persoas xurídicas constituídas legalmente como asociacións son titulares directos de dereitos e a súa propia existencia e manifestación públicas a través das actividades dos seus asociados son obxecto de tutela constitucional directa por medio desta liberdade, que se está vulnerando pola instrución cando se prohíbe toda actividade relacionada co procedemento en marcha, pois precisamente o obxecto dese procedemento incide nos fins para os que foron creadas estas asociacións – deámonos conta que se debaten criterios pedagóxicos, formativos, sociolingüísticos, sobre o que as asociacións sectoriais teñen moito que dicir-.

A limitación de realización de actividades afecta directamente sobre a liberdade positiva deste dereito (en palabras do TC) pois faino impedindo participar da actividade asociativa da que libremente se forma parte e "*a desenvolver a actividade necesaria ou conveniente ao logro dos fins lícitos en atención aos que se constitúe*" Así o entenden polo menos, entre outras, as SSTC 165/1987 e 218/1988 e o ATC 374/1984.

A actividade da administración **usurpa** as funcións que constitucionalmente corresponden aos órganos xurisdicionais, únicos que poden declarar a disolución das asociacións ou a suspensión das súas actividades (art. 22.4 CE).

2. **Titulares que ven vulnerados o dereito de asociación.**

Sono todos aqueles colectivos que constituídos legalmente, teñen entre os seus obxectos sociais o relativo á promoción de actividades de información, promoción e coñecemento e progreso social no contorno educativo, e singularmente:

- asociacións culturais ou doutra clase que agrupen persoas preocupadas pola educación, o que as vencella directamente á protección do dereito á educación, e á protección e fomento da cultura no ensino.

Quinto-. Vulneración do dereito fundamental á liberdade sindical.

Di o art. 28.1. CE que "*todos teñen dereito a sindicarse libremente*".

1. **Contido constitucional do dereito e a súa vulneración pola Consellaría.**

A LO 11/1985, de liberdade sindical, recoñece que a liberdade sindical comprende, entre outras cousas *o dereito á actividade sindical* (art. 2.1. d); *o dereito dos sindicatos a programar as súas propias actividades e o seu programa de acción* (art. 2.2. a) , que non poden ser *suspendidas nin disoltas senón mediante resolución firme da Autoridade xudicial fundada no incumprimento grave das leis* (art. 2.2.c). Ademais, dentro da acción sindical recoñécese aos traballadores afiliados a un sindicato "*a celebración de reunións dos seus asociados no eido da empresa en que traballan* (art. 8.1.b), así coma o de "*recibir a información que lle remita o seu sindicato*".

Queda claro que a instrución da Consellaría comparécese mal con estas liberdades, pois no caso de que estes queiran realizar actividades sindicais relacionadas con este procedemento, no que por certo son pezas fundamentais, non só os

directores do centro, senón o resto de profesorado, encargados de entregar e recoller os documentos, van ver limitada esencialmente a súa actividade. E isto é así:

1. á marxe do contido, porque o sindicato pode pretender informar, p. ex., sobre se a actividade proposta pola Administración é unha labor docente da que se teñan que encargar os traballadores do ensino, ou pola contra forma parte dun procedemento administrativo do que non teñen que participar;

2. en relación ao contido, o sindicato pode pretender asesorar sobre como desenvolver o traballo, en condicións de seguridade, ou simplemente para facelo correctamente. Decatémonos de que se os documentos tivesen o valor que lles atribúe o art. 78.2. L ei 30/1992, terían unha grande responsabilidade na cadea de custodia, e forma parte da actividade sindical informar e advertir aos traballadores dos riscos e responsabilidades dunha tramitación non adecuada. Pois ben aínda así se incorrería en prohibición porque non se poden facer actividades "*nin a favor nin en contra*" do procedemento; tampouco para asesorar sobre como facelo;

3. dentro da formación de opinión que asiste á sociedade democrática libre na que vivimos, o sindicato pode lícitamente explicar aos traballadores/as que significado ten este procedemento, incluso a nivel laboral, porque podería rematar cunha modificación da normativa que ocasionase un cambio na programación da docencia, da lingua vehicular das materias e en consecuencia da necesidade de renovación de materiais polo docente, o que afecta sen dúbida a súa situación laboral, do que o sindicato ten que informar.

Todo o feixe de actividades enumeradas e que se verán prohibidas pola consellaría atacan de modo esencial o que o TC denominou "*a libre acción sindical e por conseguinte a realización do conxunto de actos que dentro da devandita acción poden encadrarse*" (STC 51/1984). Tivo ben claro o noso Alto Tribunal dicir que dentro deste dereito se comprende o dereito a que "*a Administración Pública non interfira na actividade das organizacións sindicais ou entorpeza a execución dos seus programas*" (SSTC 23/1983 e 20/1985, entre outras).

2. Titulares do dereito vulnerado.

Sono as persoas afiliadas a un sindicato e este mesmo como tal organización que ve limitados os dereitos que derivan da súa posición constitucional (arts. 1, 2, 12, 13 e 14 da LO 11/1985), non só do art. 28 Ce senón tamén do art. 7 CE.

O feito de ser os máis dos ensinantes pertencentes ao sistema público non lles nega para estes efectos a condición de traballadores (art. 1.2. LO 11/1985).

Sexto.- Da lexitimación das partes en relación a este recurso.

1.- Activa.

O STEG ven activamente lexitimado para a interposición do presente recurso polas razóns previamente expostas, toda vez que ve como resultan afectados directamente pola actuación administrativa os seus dereitos de liberdade de expresión e información, reunión e asociación, así como os dereitos vinculados á liberdade sindical todo elo de acordo có disposto nos artigos 18 e 19 da LXCA.

Por outra banda, tal e como ten recoñecido o Tribunal Constitucional “os sindicatos desenrolan, tanto polo recoñecemento expreso da Constitución (Arts. 7 e 28) como por obra dos tratados internacionais subscritos por España na materia (Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais (art. 8 o art.5, parte I), Carta social europea), unha función xenérica de representación e defensa dos intereses dos traballadores que, non descansa sómente no vínculo da afiliación, senón na propia natureza sindical do grupo. A función dos sindicatos, non é unicamente a de representar aos seus membros, a través dos esquemas de apoderamento e de representación do Dereito privado. Cando a Constitución e a lei os invisten coa función de defender os intereses dos traballadores, lles lexitiman para exercer aqueles dereitos que, aínda pertencendo en puridade a cada un dos traballadores”*ut singulus*”, *sexan de necesario exercicio colectivo*”(sentencias 210/1994 de 11 de xullo, 70/1982, 187/1987, 7/2001 entre outras), dende ese punto de vista o STEG ven lexitimado para actuar na defensa dos dereitos vulnerados dos directores dos centros de ensino e profesorado en xeral.

2. Pasiva.

Está lexitimada pasivamente a "Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria". Ao estar remitido o correo electrónico como "*De: Mensaxe da Consellería [mailto:nonresponder@edu.xunta.es]*" e estar asinado por un xenérico "*Consellería de Educación e Ordenación Univeristaria.*" entendemos que debe estar lexitimado pasivamente o Conselleiro do ramo, Xesús Vázquez Abad, como representante da Consellería que preside *ex art. 21.1. a LXCA.*

Sétimo-. Do Tribunal competente para a tramitación deste procedemento.

Dado que o correo electrónico é unha instrución que se dá aos/ás directores/as dos centros de ensino non universitario pola Consellería de Educación sen asinar, enténdese que emana dos seus órganos centrais e non dos periféricos, e ao non constar órgano emisor débese imputar ao seu titular. Ao non se atopar este acto entre os previstos especificamente no art. 8 da LXCA, entendemos que resulta competente a Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, *ex art. 10.1. a) LXCA.*

Por todo o anterior

SUPLICO: Que se teña por admitido este escrito e que se dite sentenza pola que se declare que **a instrución remitida pola Consellaría de Educación por correo electrónico aos/ás directores/as de centros de ensino non universitario é contraria a dereito por vulneración dos dereitos fundamentais de información, expresión, reunión e liberdade sindical, e en consecuencia a deixe sen efecto.**

A Coruña, 15 de xuño de 2009.



Alejandro López González

D. Xulio López Valcárcel

OUTROSÍ DIGO: Da suspensión cautelar da instrución da Consellaría.

Dentro do apartado titulado *Medidas Cautelares*, relativo entre outros ao procedemento para a tutela dos dereitos fundamentais, recóllese na LXCA a posibilidade de que, segundo reza o art. 129.1 "1. *Os interesados podrán solicitar en calquera estado do proceso a adopción de cantas medidas aseguren a efectividade da sentenza.*".

En relación á concesión de calquera medida neste sentido di o art. 130 LXCA que "1. *Previa valoración circunstanciada de todos os intereses en conflito, a medida cautelar poderá acordar unicamente cando a execución do acto ou a aplicación da disposición puidesen facer perder a súa finalidade lexítima ao recurso.* 2. *A medida cautelar poderá denegarse cando desta puidese seguirse perturbación grave dos xuros xerais ou de terceiro que o Xuíz ou Tribunal ponderará en forma circunstanciada.*".

A medida cautelar que se solicita neste momento é **QUE SE DEIXE SEN EFECTO A INSTRUCIÓN EMITIDA POLA CONSELLARÍA NA QUE ORDENA AOS/ÁS DIRECTORES/AS DE CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO QUE REALICEN A PROHIBICIÓN** á que se refire o Feito 2º deste escrito.

A finalidade de que se adopte neste momento é que o procedemento de entrega e devolución dos documentos que está a facer a Consellaría remata o 19 de xuño e unha continuidade da prohibición impediría definitivamente aos membros da comunidade educativa e singularmente a nais e pais tomar unha decisión con todos os elementos de xuízo que a fagan realmente libre.

Por isto pedimos que se faga **DE XEITO INMEDIATO, inaudita parte**, sen prexuízo do que prevé o art. 135 LXCA "O Xuíz ou Tribunal, atendidas as circunstancias de especial urxencia que concorran no caso, adoptará a medida sen oír á parte contraria. *Contra este auto non se dará recurso algún. Na mesma resolución, o Xuíz ou Tribunal convocará ás partes a unha comparecencia, que haberá de celebrarse dentro dos tres días seguintes, sobre o levantamento, mantemento ou modificación da medida adoptada. Celebrada a comparecencia, o Xuíz ou Tribunal ditará auto, o cal será recorrible conforme ás regras xerais.*".

SUPLICO: QUE SE DEIXE SEN EFECTO A INSTRUCIÓN EMITIDA POLA CONSELLARÍA NA QUE ORDENA AOS/ÁS DIRECTORES/AS DE CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO QUE REALICEN A PROHIBICIÓN á que se refire o Feito 2º deste escrito.

A Coruña, 15 de xuño de 2009.

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized initial 'A' followed by the name 'López González' in a cursive script.

Alejandro López González

D. Xulio López Valcárcel